

Faro *da* Cultura



Estamos no tramo de celebración do século do primeiro nacionalismo galego. Se en 2016 conmemoramos os cen anos das Irmandades da Fala, o goberno galego fixou recentemente os da revista *Nós* no horizonte de 2020. Ambas empresas, malia ir en paralelo, respondían a dous criterios ben distintos á hora de dar forma á reivindicación de Galiza como nación. Malia que a base legal das Irmandades era a defensa da lingua galega, o colectivo ben axiña ficou articulado como un movemento de vindicación política; en troques, a revista aparecida en Ourense respondía á vontade de dignificar a cultura galega pero ao tempo limitar o galeguismo a tal eiva, lonxe da política do momento, vista polo seu impulsor, Risco, como unha práctica filistea se acababa unha extensión colectiva.

Para dar a coñecer os seus obxectivos estéticos, o pensador ourensán deu pulo, a partir de xuño de 1917, a *La Centuria*. Bautizouna como “revista neosófica”; é dicir, dos novos saberes. Tal subtítulo foi confundido case sempre, por parte da crítica galega, coa doutrina teosófica que Risco observou –ben que de maneira un tanto snob– desde os primeiros anos do século.

A revista ourensá tivo unha aparición irregular entre a data da súa aparición e xullo de 1918, cando o seu número 7 saíu do prelo de *La Región* (os anteriores foron editados na imprenta A. Otero). Se temos que procurar unha orixe ao arrouto, estaría nos tres anos que Risco pasou en Madrid estudando na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio. Alí, sen darse en absoluto á vida bohemia, exerceu actividades culturais como asistir ao parladoiro de Ramón Gómez de la Serna no Café de Pombo ou frecuentar o Ateneo, onde coñeceu a Mario Roso de Luna, quen o introduciu na teosofía coa mediación do ourensán Primitivo Rodríguez Sanjurjo, que tamén amizara con Otero Pedrayo.

Se atendemos aos contidos da revista, non podemos afastalos do seu continente de fasquía modernista. Evidentemente, de modernismo español, serodio e relambido, caricatu-



100 anos de *La Centuria*

Do primeiro ensaio de Vicente Risco

JOAQUIM VENTURA

ra do simbolismo decadentista que agromou en Europa nos anos finais do XIX. Pero en favor de Risco, cómpre salientar que aínda que fose con retraso e cando xa non estaban de moda, deu a coñecer ao público ourensán diversos escritores e pensadores estranxeiros. Con todo, os contidos resultan intranscendentes máis alá da curiosidade pola mestura de

autores ou do exotismo das cartas astrais feitas por Berta Herculis (Primitivo R. Sanjurjo).

Pero aínda así, esa presenza diversa permite situar as preferencias de Risco naquel tempo. Un aire cosmopolita, afastado de calquera veleidade galeguista malia que algúns escritores galegos están presentes na revista. Un tempo en que Risco consideraba, ao fío de comentar unha obra do marqués de Figueras, que a lingua galega “sirve solo para la sátira y el regocijo rabelesiano”.

Os eséxetas de Risco consideraron *La Centuria* como un antecedente de *Nós*. Foino en tanto que ferramenta que lle serviu ao ourensán para aprender a editar unha revista pero pouco máis. De feito, *Nós* foi unha continuación do espírito que alentaba *La Centuria*, ar-

ticulando a opción galeguista a partir dun proxecto elitista e afastado da vulgaridade dos ambientes urbanos de hai un século (aínda que fose daquel Ourense inmóvil). E onde antes houbo orientalismo, agora había celtismo, e do decadentismo pasouse ao integralismo portugués.

En definitiva, unha maneira –esa continuidade de *Nós*– de seguir, malia pasar Risco dos trinta anos e ser persoa profesionalmente respectable, a ser un raro para “épater le bourgeois” Celidonio. Medo, en definitiva, a un mundo cambiante que, no caso ourensán, recibía o pulo desde o exterior e en castelán e coa vulgaridade que dá o diñeiro novo. E que no estranxeiro ficaba conmovido pola guerra europea e por aquela revolución dos soviets, dos obreiros en definitiva.

Dúas portadas da revista ourensá *La Centuria* (1917-1918), dirixida por Vicente Risco.

ARTE: ÂNGELA FERREIRA
NO DIDAC/DARDO / PÁX. III

CAMIÑOS: ENTREVISTA CO MÚSICO
MAGÍN BLANCO / PÁX. V

TEATRO: HELENA
DE ESPARTA / PÁX. VIII